XUNTA DE GALICIA | CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO
As Paxariñas, nº 72
15189 Tarrío – Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 67 76 57
Fax: 981 64 89 15
Correo electrónico: ceip.tarrio@edu.xunta.es
http//centros.edu.xunta.es/ceipdetarrio

**PLAN DE TRABALLO CIENCIAS SOCIAIS.**
**1º PRIMARIA. CURSO 2024-2025**

**PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

## MATERIAIS:

- Material para experiencias necesario para os distintos proxectos.
- Material gráfico diverso (láminas, murais, fotos...)
- Recursos informáticos (vídeos, xogos interactivos dixitais...)
- Fichas fotocopiables e de elaboración propia para os proxectos.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Elementos do entorno.
- Saídas educativas relacionadas.

## PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de Ciencias Sociais trabállanse a partir dos materiais indicados e abordando os seguintes bloques:

- Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sustentable.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. Leccións do pasado.

A aprendizaxe destes contidos lévase a cabo a través de pequenos proxectos de investigación co obxectivo de desenvolver as competencias clave de xeito significativo, dinámico e vivencial.

Estes proxectos teñen a seguinte estrutura: Que sabemos, que queremos aprender e que aprendemos. Así mesmo e con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

- Introdución explicativa do tema a tratar mediante visión de vídeos, láminas ou lectura de contos ou textos breves.

- Expresión oral dos alumnos sobre a temática aportando as súas experiencias e coñecementos previos (chuvia de ideas).

- Decisión consensuada e guiada do que imos aprender.
- Traballo en pequenos proxectos de investigación.
- Resumo do aprendido plasmado no traballo final de cada proxecto.

XUNTA DE GALICIA | CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO

As Paxariñas, nº 72
15189 Tarrío – Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 67 76 57
Fax: 981 64 89 15

Correo electrónico: ceip.tarrio@edu.xunta.es
http//centros.edu.xunta.es/ceipdetarrio

**CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

| 1º TRIMESTRE<br><br>VIVIR EN SOCIEDADE | 2º TRIMESTRE<br><br>O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE | 3º TRIMESTRE<br><br>LECCIÓNS DO PASADO |
|---|---|---|
| • A escola: organización, roles, espazos e recursos.<br>• A familia: diversidade familiar. Corresponsabilidade<br>• Igualdade xénero.<br>• Seguridade viaria.<br>• Ocupación e traballos.<br>• Deberes e dereitos das persoas. | • A Terra, o sol, a Lúa e as estrelas.<br>• Fenómenos atmosféricos.<br>• Itinerarios e traxectos.<br>• A nosa contorna.<br>• Estilos de vida sustentable. Auga, mobilidade e xestión de residuos. | • Medida do tempo na vida cotiá.<br>• A historia persoal e cambios no tempo.<br>• Expresións e producións artísticas da contorna próxima.<br>• Historia local. |
| CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES | | |
| Ciencia e tecnoloxía: Procedementos de indagación adecuados ás necesidades de investigación, vocabulario científico, estratexias de traballo individual e cooperativo, dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe. | | |

CEIP de TARRÍO CULLEREDO

XUNTA DE GALICIA
CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO

As Paxariñas, nº 72
15189 Tarrío – Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 67 76 57
Fax: 981 64 89 15

Correo electrónico: ceip.tarrio@edu.xunta.es
http//centros.edu.xunta.es/ceipdetarrio

## AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de IN ( Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásevos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

| BLOQUES DE CONTIDO | INSTRUMENTOS AVALIACIÓN | % |
|---|---|---|
| 1. Ciencia e tecnoloxía | • Escala de observación.<br>• Rexistro anecdótico.<br>• Traballo cotiá.<br>• Intercambios orais. | 60 |
| 2. O mundo e o desenvolvemento sustentable | • Escala de observación.<br>• Rexistro anecdótico.<br>• Traballo cotiá.<br>• Intercambios orais. | 20 |
| 3. Vivir en sociedade | • Escala de observación.<br>• Rexistro anecdótico.<br>• Traballo cotiá.<br>• Intercambios orais. | 10 |
| 4. Leccións do pasado | • Escala de observación.<br>• Rexistro anecdótico.<br>• Traballo cotiá.<br>• Intercambios orais. | 10 |